



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

ASUNTO: CORRECCIÓN DE ERROS NAS BASES DA CONVOCATORIA SELECCIÓN DE 2 CONSERXES, PERSOAL LABORAL TEMPORAL, DURANTE 12 MESES, CONFORME Á SUBVENCIÓN DESTINADA AO FOMENTO DA CONTRATACIÓN DE MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO NO ÁMBITO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS PARA O ANO 2024
EXPEDIENTE: 2024/E001/000004

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. Resolución do 27 de decembro de 2023, DOG nº 13 de xoves, 18 de xaneiro de 2024, da Secretaría Xeral de Igualdade, pola que se realiza a segunda convocatoria do ano 2024 das subvencións destinadas ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero, no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas, no marco do Pacto do Estado contra a violencia de xénero, (código de procedemento SI461A).

SEGUNDO. Por Resolución da Alcaldía desta Corporación do 18.01.2024, aprobouse acollerse á mencionada convocatoria para solicitar unha subvención por importe de 41.136,24 €, para a contratación, a xornada completa durante 12 meses de 2 mulleres que sofren violencia de xénero, no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas, no marco do Pacto do Estado contra a violencia de xénero.

TERCEIRO. Por Resolución da Secretaría Xeral da Igualdade do 03.04.2024 concedeuse ao Concello de Betanzos unha subvención de 42.539,28 € para dúas contratacións, durante 12 meses, e 100% da xornada

CUARTO. Consta o borrador das bases da convocatoria.

QUINTO. Consta informe xurídico de data 18.04.2024

SEXTO. Consta informe de intervención con nota de reparo de data 31.08.2024

SÉTIMO. Resolución 1607/2024, de data 23.09.2024, pola que se aproban as bases reguladoras do proceso de selección de 2 conserxes, persoal laboral temporal, durante 12 meses e se convoca o proceso selectivo.

OITAVO. Consta a publicación das bases de selección no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica do Concello de Betanzos

NOVENO. Detéctase un erro material na convocatoria, na base cuarta, punto 4.5, no que en lugar de “Estar en posesión do certificado de escolaridade, de estudos primarios ou equivalente.”, debería poñer: “Non se require titulación académica”.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación aplicable ao asunto é a seguinte:

- O texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro.
- O Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as Regras Básicas e os Programas Mínimos a que Debe Axustarse o Procedemento de Selección dos Funcionarios de Administración Local.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

- Os artigos 130 e seguintes do Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en Materia de Réxime Local aprobado polo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril.
- O Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.
- Os artigos 21.1.g) e h), 91 e 100 a 102 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.
- Os artigos 51 e 53 da Lei 3/2007, de 22 de marzo, para a Igualdade Efectiva de Mulleres e Homes.

Examinadas as bases da convocatoria en relación coa selección do persoal de referencia e de conformidade co artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, RESOLVO:

PRIMEIRO. Corrixir o erro material na convocatoria, na base cuarta, punto 4.5, no que en lugar de “Estar en posesión do certificado de escolaridade, de estudos primarios ou equivalente.”, pasará a poñer: “Non se require titulación académica”.

SEGUNDO. Publicar a corrección de erros das bases reguladoras na sede electrónica deste Concello. Dirección <https://sede.betanzos.gal>.

Betanzos, na data que figura na marxe

A alcaldesa

O Secretario (Asinado aos efectos do art.3.2 do RD 128/18, do 16/03)

María Barral Varela

Adrián J. Márquez Caramés